

## CULTURA Y TV

# Os autores elixen «Memoria para Xoana» como mellor libro do 2002

A Asociación de Escritores en Lingua Galega entregou o premio á Marica Campo. A primeira novela da escritora lucense ten como centro da súa trama o universo das mulleres

la voz | redacción

A primeira novela de Marica Campo (Val do Mao-Incio, 1948), **Memoria para Xoana** (Espiral Maior) foi elixida polos membros da Asociación de Escritores en Lingua Galega como o mellor libro publicado en Galicia durante o ano pasado. Sobre a novela, os organizadores do premio explican: «Asistimos a unha saga na que a épica ten como centro o universo das mulleres, que se recoñecen na súa linaxe por riba do perfil individual».



ÁLVARO BALLESTEROS

Tamén indican o seguinte: «O valor da memoria como garante do ser e do estar no mundo a través dunha narrativa lúcida, cunha conciencia crítica da realidade fonda e intelixente, confirman a esta autora coma unha das fundamentais das nosas letras».

Marica Campo recibiu o premio na noite de onte, nunha cea literaria celebrada en Compostela. O galardón consiste nunha pluma estilográfica de ouro gravada con tal motivo.

Os outros finalistas deste premio anual da Asociación de Escritores en Lingua Galega eran Rosa Aneiros con **Resistencia**, Xerardo Quintiá con **O libro dos aparecidos** e Miro Villar con **Gameleiros**. Un comité de sete persoas nomeadas pola directiva da asociación fixo a proposta dos catro finalistas, entre os que os socios elixiron a obra gañadora.

Manuel Rivas, Méndez Ferrín e Manuel María foron os gañadores das edicións anteriores deste premio.

LA VOZ DE GALICIA, S.A. se reserva todos los derechos como autor colectivo de este periódico y, al amparo del art. 32.1 de la Ley de Propiedad Intelectual, expresamente se opone a la consideración como citas de las reproducciones periódicas efectuadas en forma de reseñas o revista de prensa. Sin la previa autorización por escrito de la sociedad editora, esta publicación no puede ser, ni en todo ni en parte, reproducida, distribuida, comunicada públicamente, registrada o transmitida por un sistema de recuperación de información, ni tratada o explotada por ningún medio o sistema, sea mecánico, fotoquímico, electrónico, magnético, electro óptico, de fotocopia o cualquier otro en general. M de A Coruña en el Tomo 2.438 del Archivo, Sección General, al folio 92, hoja C-2141. CIF: A 15000649

© Copyright LA VOZ DE GALICIA S.A. Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España) RM de A Coruña: tomo 2413, folio 84, hoja C-12502. CIF: B-15.482.177